



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE SETEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2062/2009.- Comunidade de Propietarios.- Arranxo de tellado e fachadas e instalación de ascensor no patio do inmoible sito na rúa García Lorca nº 14.

Lic/439/2008.- José Ramón Iglesias Redondo.- Legalización das obras realizadas na vivenda unifamiliar sita na Travesía de San Marcos nº 13.

Lic/730/2009.- Susana, Rosa y Manuel Rey Gómez, S. C.- Legalización das modificacións executadas na edificación levada a cabo na rúa da Estrada s/n.

Lic/1993/2010.- Yagocasa, Sociedade Cooperativa Galega.- 10 vivendas unifamiliares encostadas no SUNP-25 de Roxos, na parcela R. 1.6.

Lic/1857/2004.- Vector Plus, S. L.- Modificar a licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 1.08.2005 en cumprimento do fallo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 10.06.2010 e conceder licenza á entidade para a construción dun edificio de 17 vivendas, 4 oficinas e locais comerciais, trasteiros e garaxe en soto, semisoto, baixo, tres plantas de piso e baixo-cuberta na rúa Sánchez Freire nº 37 – 43.

DENEGADAS.-

Lic/1172/2010.- María Belén Vázquez Guerra.- Legalización de edificación auxiliar na Avda. de San Marcos nº 53.

PARCELACIÓN.-

Lic/1345/2008.- José Castro Gigirey.- Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2.008, para parcelación urbanística das parcelas sitas no lugar de Camiño dos Vilares.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

379/10.- Dorinda Gómez Barral.- Expte. Lic/1158/2009 1.000 €.-

OCIHR

LICENZAS

LICENZAS.-

LIC/302/2009.- D. JOSÉ RUMBO NOYA.- Rehabilitación para uso de vivenda en rúa Xasmíns nº 19.

PRÓRROGA.-

LIC/1852/2010.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 22.12.09 para reparación da cuberta do pazo arzobispal na praza da Inmaculada nº 1.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/946/2010.- CRC OBRAS Y SERVICIOS SL.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza LMT E RBT na rúa da Trisca (LIC/851/2005). O importe da fianza é 20.000€.

LIC/1082/2010.- RESIDENCIAL LAS CAMELAS SL.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de construción de vivenda unifamiliar na Carballeira de San Lourenzo 34 (LIC/2110/2005). O importe da fianza é 1.000€.

LIC/1092/2010.- VARELA CASAL SL.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de vivendas na rúa de Altamira nº 6 (LIC/2554/2007). O importe da fianza é 2.000€.

LIC/1580/2010.- PORTA DO CAMIÑO FRANCÉS SL.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de edificio na rúa Casas Reais nº 29 (LIC/1740/2007). O importe da fianza é 3.000€.

LIC/1973/2010.- JOSÉ CHOREN CASAL.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de edificio na rúa Casas Reais nº 29 . O importe da fianza é 2.500€.

DIS/492/2010.- MARIA L ROZAS SARABIA.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa dos Lagartos, 6. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/708/2009.- ISABEL FRADE RENDO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa das Casas Reais nº 38. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/858/2010.- EDITORIAL COMPOSTELA, SL.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa de Altamira . O importe da fianza é de 601 €.

DIS/939/2010.- JULIA ATANES BREA.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Campo do Forno, 17. O importe da fianza é de 601 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 950 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente axudas para 13 vivendas por importe de 53.398,57 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, relativa á denegación de bonificación no IIVTNU; nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público ou por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais e denégase unha bonificación.

14.- Liquidación das actuacións incluídas no Programa AFA 2009/2010.

Apróbase a liquidación do programa de Actividade física adaptada no medio acuático co seguinte resultado:

Gastos aprobados: 12.710,84 euros

Gastos realizados: 7.507,99 euros

Superávit: 5.202,85 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de reversión da parcela 161 do proxecto de expropiación por procedemento de taxación conxunta do polígono único do SUP-7 de Ponte Pedriña II.

Rexéitase a solicitude de reversión de parte da parcela 161 do polígono único do SUP-7 Pontepedriña II xa que a mesma non acada os requisitos establecidos legalmente para a existencia de dereito de reversión.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á resolución do concurso de Escaparatismo SCQ SHOPPING VERÁN 2010.

Dáse conta da resolución do xurado do Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping edición Verán.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica para dar conta dos premios outorgados dentro do concurso catálogo de promoción comercial "Volta ao Cole".

Dáse conta do fallo do xurado.

18.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo: IES Pontepedriña e o Departamento de Educación do Concello.

Dáse conta do devandito convenio polo que 3 alumnos de Animación Sociocultural realizarán un total de 740 horas de prácticas cada un na Concellería de Educación e na rede de escolas infantís municipais entre o 20 de setembro de 2010 e o 18 de marzo de 2011.

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo: Fundación de Estudos e Análisis e o Departamento de Educación do Concello.

Dáse conta do devandito convenio polo que un alumno realizará un total de 740 horas de prácticas na Concellería de Educación.

20.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da resolución definitiva da concesión de subvencións ao concello para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario escolar nos Concellos de Galicia. Ano 2010.

Dáse conta da subvención concedida por importe de 32.801,44 euros.

21.- Proposta do concelleira delegada de Educación relativa á liquidación do programa "Escola Municipal de Verán de Inglés 2010".

Apróbase a liquidación do programa co seguinte resultado:

Gastos aprobados: 38.072 euros

Gastos realizados: 36.580 euros

Ingresos da actividade: 26.520 euros

Liquidación: 28.012 euros

22.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do fallo do III premio "Compostela" de Albums Ilustrados.

Dáse conta do fallo do xurado.

23.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa ao inicio do expediente de contratación do servizo de mediación de seguros privados para o Concello.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade. O presente contrato non xenera ningún gasto para o Concello toda vez que o adxudicatario será retribuído pola entidade ou entidades aseguradoras coas que se concerten os contratos de seguros privados, de acordo coa normativa vixente e ao amparo dos usos de comercio habituais no sector.

24.- Proposta da concelleira delegada de Benestar e Igualdade para dar conta da concesión pola Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento do obradoiro de memoria denominado "Mente Activa".

Dáse conta da subvención por importe de 5.000 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Asociación Itínera.

Apróbase a sinatura do convenio coa Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental polo que o Concello achega 2.200 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos.

Apróbase a sinatura do convenio coa Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Aulas da Terceira Idade) polo que o Concello achega 2.200 euros.